



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

REGULAMENTO MUNICIPAL PARA A CONCESIÓN DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE FISTERRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No exercicio das competencias e da potestade regulamentaria previstas no artigo 4 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación municipal de Fisterra aprobou, en sesión celebrada o 30 de maio de 1996, o Regulamento para a concesión de honras e distincións, cuxo edicto inicial foi publicado no BOP núm. 142, de 21 de xuño de 1996. Con todo, do referido regulamento non consta acreditada a súa publicación definitiva no BOP co texto íntegro, polo que nunca chegou a entrar en vigor. Á vista da experiencia acumulada e da necesidade de dotar o concello dun marco normativo adecuado, claro e eficaz para o recoñecemento público de méritos e servizos relevantes, consideramos conveniente iniciar a tramitación dun novo regulamento que modifique o anterior, adaptándoo ás necesidades actuais e reforzando o valor institucional das honras e distincións municipais.

I

A principal novidade do novo regulamento é a incorporación da regulación da figura do **Cronista Oficial do Concello de Fisterra**, cargo de carácter honorífico, destinado á conservación, estudo e difusión da historia e a memoria colectiva de Fisterra. Esta figura, actualmente vacante, considérase de especial relevancia para a posta en valor do patrimonio histórico, cultural e identitario do municipio.

II

Atendendo á experiencia e co único obxectivo de reforzar o prestixio dos recoñecementos municipais, faise necesario proceder á simplificación do sistema de medallas, establecendo unha única categoría: a **Medalla do Concello de Fisterra**.

Esta distinción queda reservada a persoas ou institucións que teñan acreditado méritos excepcionais en beneficio do municipio. A súa concesión terá carácter extraordinario e constituirá a máxima honra que o Concello de Fisterra poida outorgar.

Mantéñense igualmente os títulos de **Fillo/a Predilecto/a** e **Fillo/a Adoptivo/a**, destinados a recoñecer a aquelas persoas que se distinguiron de maneira relevante polas súas calidades persoais ou méritos contraídos, e que manteñan ou establezan unha relación singular con Fisterra que redundase en beneficio do municipio contribuíndo, ao mesmo tempo, ao prestixio e consideración xeral da vila.

Así mesmo, mantense a figura do **Alcalde** ou **Concelleiro Honorario**, como recoñecemento honorífico de especial significación.

Con distintos niveis de formalidade, este regulamento recolle tamén outros actos de recoñecemento, como a denominación de rúas, a colocación de placas conmemorativas ou a erección de monumentos públicos naqueles casos que constitúan unha manifestación expresa de homenaxe ou recoñecemento a persoas, colectivos ou entidades polos seus valores ou servizos prestados.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

III

O procedemento para a concesión das distintas honras e distincións actualízase coa finalidade de regular de maneira máis precisa aspectos fundamentais como a iniciativa para a incoación do expediente e o órgano competente para a súa aprobación. Dada a natureza singular desta materia e a necesidade de reflectir o máximo consenso institucional e social, atribúeselle ao Pleno da Corporación, como máximo órgano representativo, a competencia para a concesión das honras e distincións.

A iniciativa para a presentación das propostas corresponderá ao Alcalde-Presidente, ben por iniciativa propia, ben a solicitude dun terzo dos membros da Corporación ou a petición de asociacións ou outras entidades da sociedade civil de recoñecido prestixio no ámbito territorial do concello.

O expediente, aínda tendo carácter sumario, deberá estar debidamente motivado, de maneira que queden claramente reflectidas nos arquivos municipais as razóns que xustifican a concesión da honra ou distinción. Esta esixencia contribuirá a reforzar a transparencia do procedemento e a incrementar o valor e a consideración social dos recoñecementos outorgados.

CAPÍTULO I

Dos Títulos, Honras e Condecoracións oficiais do Concello de Fisterra.

Art. 1º.- O presente regulamento, ditado ao amparo do establecido no artigo 4 da Lei 7/85, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten por obxecto determinar as distincións honoríficas que concede o Concello de Fisterra, así como o procedemento para a súa concesión.

Art. 2º.- Todas as distincións á que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que polo tanto outorguen ningún dereito administrativo ou de carácter económico.

Art. 3º.- Ningunha distinción honorífica poderá ser outorgada aos membros da Corporación Municipal mentres dure o seu mandato.

CAPÍTULO II

Das formalidades para a concesión de Distincións Honoríficas.

Art. 4º.- Para a concesión das honras ou distincións recollidas neste regulamento, será necesario a tramitación dun expediente administrativo no que se deixará constancia dos méritos ou circunstancias que aconsellen ou xustifiquen o seu outorgamento.

Art. 5º.- Corresponde á Alcaldía-Presidencia a presentación das propostas de outorgamento das diversas honras e distincións, xa sexa por propia iniciativa ou previa petición de:

- a) Un terzo dos membros da Corporación Municipal.
- b) Ou respondendo á petición razoada de asociacións ou outras entidades da sociedade civil de recoñecido prestixio no ámbito territorial do concello.

Os peticionarios acompañarán á súa solicitude unha memoria xustificativa dos



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

méritos e circunstancias que aconsellen o outorgamento da distinción.

Art. 6º.- A Alcaldía-Presidencia practicará as dilixencias adicionais que estime necesarias para documentar a proposta. Todos os Servizos Municipais e órganos dependentes estarán obrigados a prestar o auxilio que se lles solicite.

Art. 7º.- O expediente será tramitado de forma reservada e non se dará información nin se expedirán certificacións ata que se adopte acordo en sentido positivo.

Art. 8º.- O acordo de concesión notificarase ao nomeado e aos peticionarios. A aceptación farase constar expresamente no expediente por carta ou dilixencia, pero será válida calquera que sexa a forma, incluso tácita, en que se exprese.

Art. 9º.- Para a revogación das distincións outorgadas instruírase un expediente motivado no que se dará audiencia ao interesado ou aos seus sucesores. O trámite será análogo ao establecido para a súa concesión e a falta en que se funde deberá afectar ás causas que motivaron o seu outorgamento.

CAPÍTULO III

Da Medalla do Concello de Fisterra.

Art. 10º.- A Medalla do Concello de Fisterra constitúe o grao máximo das condecoracións que pode outorgar a Corporación Municipal. Será outorgada como recompensa ás persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que polos seus destacados merecementos e polos relevantes servizos prestados á vila de Fisterra poidan ser consideradas dignas desta distinción.

Art. 11º.- Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva de concesión da medalla do Concello de Fisterra, se esta fose favorable, elevarase ao Pleno no prazo máximo dun mes e a Corporación deberá pronunciarse na citada sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

Art. 12º.- A medalla terá as seguintes características.

ANVERSO: Escudo Municipal.

REVERSO: Medalla do Concello de Fisterra.

BORDE: Nome do concesionario/a e data da concesión.

CAPÍTULO IV

Dos Títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a de Fisterra.

Art. 13º.- O título de Fillo/a Predilecto/a de Fisterra só poderá recaer en persoas físicas nadas en Fisterra que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, artístico, científico, deportivo, político, social ou por servizos prestados en beneficio da vila, e que gocen de prestixio e consideración xeral.

O título de Fillo/a Adoptivo/a de Fisterra poderá outorgarse a persoas físicas que, sen naceren no municipio de Fisterra, destacasen polos seus méritos ou calidades persoais e reúnan os requisitos e circunstancias enumeradas anteriormente.

Tanto o título de Fillo/a Predilecto/a como o de Fillo/a Adoptivo/a, poderán ser



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

outorgados como póstuma homenaxe ao falecemento de destacadas personalidades nas que concorresen os méritos citados.

Art. 14º.- A concesión do título de Fillo/a Predilecto e de Fillo/a Adoptivo/a de Fisterra será adoptada pola Corporación Municipal, previo expediente acreditativo dos seus merecementos e remitida a proposta á Alcaldía-Presidencia.

Art. 15º.- Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva de concesión do título de Fillo/a Predilecto/a e/ou de Fillo/a Adoptivo/a, se esta fose favorable, elevarase ao Pleno no prazo máximo dun mes e a Corporación deberá pronunciarse en dita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

CAPÍTULO V

Do Nomeamento de Membros Honorarios do Concello de Fisterra.

Art.16º.- O nomeamento de Alcalde ou Concelleiro Honorario do Concello de Fisterra poderá ser outorgado a personalidades, nacionais ou estranxeiras, como mostra de agradecemento por distincións recibidas ou en correspondencia a outras análogas de que teñan sido obxecto a Corporación ou as autoridades municipais da vila.

Art. 17º.- A concesión do título de Alcalde ou Concelleiro Honorario do Concello de Fisterra será acordada pola Corporación previo expediente acreditativo dos seus merecementos e remitida a proposta á Alcaldía-Presidencia.

Art. 18º.- Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva de concesión do título de Alcalde ou Concelleiro Honorario do Concello de Fisterra, se esta fose favorable, elevarase ao Pleno no prazo máximo dun mes e a Corporación deberá pronunciarse en dita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

CAPÍTULO VI

Do Cronista Oficial do Concello.

Sección Primeira. Condicións

Art. 19º.- Requisitos. O nomeamento de Cronista Oficial do Concello de Fisterra recaerá sobre persoas físicas que se teñan distinguido ao longo da súa vida polo seu ímprobo labor de estudo, investigación e difusión dos temas históricos relacionados con Fisterra.

Art. 20º.- Número. A condición de Cronista Oficial do Concello de Fisterra atribuirase exclusivamente á persoa nomeada ata o seu cese.

Sección Segunda. Procedemento

Art. 21.- Iniciación.

1. O procedemento para o nomeamento de Cronista Oficial do Concello de Fisterra iniciarase por decisión da Alcaldía-Presidencia.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

2. A proposta de iniciación do expediente deberá ir acompañada dunha memoria na que se especifiquen os méritos que concorren no candidato proposto, xunto con reseña biográfica e bibliográfica.

Art. 22º.- Instrución.

1. A instrución do expediente irá dirixida a acreditar e valorar os méritos do/a candidato/a no tocante á súa obra ou actividade relativa ao Concello de Fisterra.
2. O expediente será informado pola Área de Cultura.
3. Dentro da tramitación do expediente poderán solicitarse facultativamente informes de entidades de recoñecido prestixio na materia, como o Consello da Cultura Galega, Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, Real Academia Galega, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, entre outras. Os referidos informes non terán carácter vinculante.
4. Antes de formularse a proposta de nomeamento darase audiencia do expediente ao candidato ou candidatos durante 10 días hábiles.

Art. 23º.- Resolución.

Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva de concesión do título de Cronista Oficial do Concello de Fisterra, se esta fose favorable, elevarase ao Pleno no prazo máximo dun mes e a Corporación Municipal deberá pronunciarse en dita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

Sección Terceira: Contido do título de Cronista Oficial.

Art.24º.- Carácter honorífico.

O título de Cronista Oficial do Concello de Fisterra é puramente honorífico e non conleva o dereito a percibir retribución económica, sen prexuízo do establecido no artigo 27º.

Art. 25º.- Duración.

1. O título de Cronista Oficial do Concello de Fisterra ten carácter vitalicio.
2. Porén, poderá cesar por decisión propia ou, en caso de incumprimento das súas obrigas, por acordo co voto favorable da maioría absoluta dos membros do Pleno da Corporación Municipal.
3. No primeiro suposto, recibirá o título de Cronista Honorario do Concello de Fisterra.

Art. 26º.- Obrigas.

O Cronista Oficial comprométese a realizar as seguintes tarefas:

1. Emitir a súa opinión e realizar consultas sobre temas relacionados coa historia do Concello de Fisterra ou aqueles outros que se relacionen coa súa función. A petición da opinión ou consulta será realizada pola Alcaldía-Presidencia.
2. Redactar unha memoria anual que se denominará "Crónica do Concello de Fisterra", na que se recollan os principais acontecementos sociais, culturais ou políticos relacionados co Concello de Fisterra.

Art. 27º.- Dereitos.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

O título de Cronista Oficial do Concello de Fisterra outorga os seguintes dereitos:

1. A ser indemnizado polos gastos xerados no exercicio do seu cargo e, especialmente, os que sexan consecuencia das encomendas con motivo de realizar algún estudo ou investigación de carácter excepcional pola súa complexidade ou pola inversión do traballo que requira, ou que esixa a realización de viaxes ou a adquisición de medios materiais específicos.
2. A solicitar ao Concello de Fisterra a designación dun axudante que o apoie na realización das súas funcións, ademais da posta a disposición dos medios materiais e persoais necesarios para o desenvolvemento do seu labor, dentro dos principios de economía e eficiencia.
3. A asistir aos actos públicos que teñan interese para as súas funcións e que sexan organizados polo Concello de Fisterra.
4. A recibir gratuitamente un exemplar de todas as publicacións editadas polo Concello de Fisterra a partir do seu nomeamento.
5. A acceder aos fondos do Arquivo e das Bibliotecas e Hemeroteca Municipais para a súa consulta e estudo. En todo caso, o acceso aos datos que obran en expedientes e rexistros administrativos efectuarase nos termos que dispoña a lexislación vixente na materia.
6. Á publicación por parte do Concello de Fisterra da "Crónica do Concello de Fisterra", sempre que a Corporación o considere oportuno.

CAPÍTULO VII

Da denominación de vías e lugares, colocación de placas, monumentos e elementos análogos.

Art. 28º.- Para determinar o nome das vías públicas e lugares do termo municipal instruírase o correspondente expediente no que se explicarán sucintamente os motivos que xustifican a elección do nome. No caso de denominacións que constitúan unha forma de homenaxe a persoas determinadas, institucións, símbolos ou feitos singulares engadirase unha memoria acreditativa dos méritos que as fan merecentes da distinción.

No expediente será necesario determinar a ubicación da vía, o lugar, e incorporar o plano no que figure exactamente a situación, límites ou zonas ás que aplique.

Art. 29º.- A denominación de rúas e a colocación dos correspondentes rótulos elevarase ao Pleno e a Corporación deberá pronunciarse na referida sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

Art. 30º.- A colocación de placas conmemorativas, monumentos e elementos análogos presenta os seguintes casos:

- a) Colocación en terreos privados a iniciativa dos particulares.

Deberán contar coas licenzas esixidas pola normativa urbanística e de protección do patrimonio e o seu obxecto e contido deberán ser lícitos, estando prohibida expresamente a exaltación indevida ou a denigración de persoas, os símbolos e textos antidemocráticos, racistas, sexistas, sectarios ou calquera outro que resulte ofensivo para principios ou valores protexidos polo ordenamento constitucional



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

b) Colocación en lugares e/ou edificios públicos a iniciativa de terceiros. Ademais dos requisitos establecidos no apartado anterior, deberá tramitarse de igual maneira que aqueles cuxa iniciativa corresponde ao propio Concello de Fisterra, sendo a cargo dos promotores a totalidade dos custes xerados, sen prexuízo das axudas ou colaboración municipal que discrecionalmente se acorde. O acto de descuberta será comunicado á Alcaldía-Presidencia, que determinará a participación institucional e o protocolo do acto no que tamén participarán os seus promotores.

c) Colocación por iniciativa municipal.

c.1. Cando o elemento estea previsto ou sexa a consecuencia dun proxecto aprobado por un órgano municipal non se esixirá resolución algunha.

c.2. Cando se acorde de maneira singular colocar unha placa conmemorativa ou erixir un monumento con carácter de homenaxe ou distinción a unha determinada persoa ou entidade ou en conmemoración de feitos ou lugares, a resolución corresponderá á Alcaldía-Presidencia, que deberá dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Art. 31º.- O descubrimento de rótulos na rúa, placas conmemorativas, monumentos e outros elementos análogos, en canto supoñan unha homenaxe a persoas ou entidades determinadas, ou lles afecte directamente, levarase a cabo un acto público ao que serán convidadas ditas persoas ou entidades, sempre que manifesten de maneira tácita a súa conformidade co acordo municipal.

Nos demais supostos, a Alcaldía-Presidencia determinará a forma na que se procederá á súa inauguración, podendo incluso encomendar en asociacións veciñais ou entidades que teñan unha vinculación especial ou un interese directo na realización do acto.

CAPÍTULO VII

Do libro-Rexistro de Distincións Honoríficas.

Art. 32º.- A Secretaría do Concello de Fisterra levará un rexistro no que se consignent as circunstancias persoais de quen reciban a medalla e demais nomeamentos a que se refire o presente regulamento, a redacción detallada e completa dos méritos que motivaron a súa concesión e a razón da mesma. O referido rexistro poderá ser xestionado por medios electrónicos.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento, que consta de trinta e dous (32) artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello de Fisterra e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no Art.- 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001

1º.- Expoñelo ao público por espazo de trinta días hábiles (30) a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado en caso de non presentarse ningunha contra o mesmo; en caso contrario deberán ser resoltas pola Corporación.